

Memoria do nacionalismo galego

GMS
Fundación
GALIZA
SEMPRE

IB
cinema

Un documental de

Comba Campoy
Xabier Macías e
Xosé Zapata

© 2010

Fundación Galiza Sempre - www.galzasempre.org

DVD

Ignacio Benedetti Cinema S.L.

www.ibcinema.com

Todos os dereitos reservados

Memoria do nacionalismo galego

Documental

Historiadores e protagonistas relatan a traxectoria do galeguismo político dende mediados do século XIX aos nosos días. A primeira parte remata coa morte de Castelao e a fundación da editorial Galaxia en 1950. A segunda arranca nos últimos anos do franquismo e na transición.

Producido por **Fundación Galiza Sempre** e **IB Cinema** (2007/ 2009)

Estrea: 30 de abril de 2010 | 20:30h | Teatro Principal | Santiago de Compostela

Apoios

Deputación da Coruña / Consellería de Cultura. Xunta de Galicia / Televisión de Galicia

Dirección: Xabier Macías / Comba Campoy / Xosé Zapata

Guión: Comba Campoy / Xabier Macías

Asesoramento histórico: Xusto Beramendi

Producción executiva: Xosé Zapata / Xabier Macías

Producción: Laura Zapata / Tania Ameneiro

Música: Piti Sanz e Anxo Graña


Imaxe: Justo Guisasola

Son: Roi Gil

Montaxe: Vanesa Amoedo

Con testemuños de:

Xusto Beramendi
 Xosé Manuel Beiras
 F. Fernández del Riego
 Camilo Nogueira
 Manuel Mera
 Margarita Ledo
 Avelino Pousa Antelo
 Isaac Díaz Pardo
 Manolo Caamaño
 Pilar García Negro
 X.L. Méndez Ferrin
 Francisco Rodríguez
 Elvira Souto
 Lois Diéguez
 Encarna Otero
 Bautista Álvarez
 Lidia Senra
 Xesús Veiga
 Alfredo Suárez Canal
 Anxela Bugallo
 Anxo Quintana
 Fernando Acuña
 Ana Pontón
 Antón Moreda
 X. Manuel Nuñez Seixas
 Carlos Velasco
 Xose Ramón Barreiro



SINOPSE

Percorrido polos 170 últimos anos da historia política, social e cultural de Galiza a través das ideas e das organizacións políticas que crearon o nacionalismo galego. Dende o Rexionalismo do século XIX, ata Castelao e o Estatuto do ano 1936, dende a Transición Democrática ata a actualidade, "MEMORIA do Nacionalismo Galego" é un percorrido documentado e rigoroso por algunhas das principais experiencias e ideas que axudaron a conformar a nación galega.

Historiadores e protagonistas relatan a traxectoria do galeguismo político dende mediados do século XIX aos nosos días. A primeira parte remata coa morte de Castelao e a fundación da editorial Galaxia en 1950. A segunda arranca nos últimos anos do franquismo e na transición.



Obxectivos

- Divulgar a recente historia sociopolítica galega.
- Analizar e describir a traxectoria e achegas do nacionalismo galego ao avance da democracia e as liberdades en Galiza.

Dúas partes de 55 minutos de duración, adecuadas para a súa emisión por televisión

O traballo reúne por vez primeira aos principais especialistas e protagonistas na traxectoria do nacionalismo galego nos últimos 170 anos, percorrendo a historia de Galiza e a evolución do galeguismo político desde 1840 aos nosos días.



A traxectoria do nacionalismo é unha parte moi importante da historia recente de Galiza. Para as xeracións vindeiras, e para o público actual, é necesario preservar e contar con rigor eses antecedentes. O documental basease fundamentalmente nos testemuños de historiadores e protagonistas. Entrevistouse a 27 persoas directamente relacionadas coa traxectoria histórica do galeguismo político: profesores, teóricos, sindicalistas, políticos e intelectuais. Todas estas persoas axudáronnos a contar a historia do nacionalismo galego dun xeito fundamentado na experiencia e o

coñecemento. A pluralidade de puntos de vista recollidos nunha única obra é un dos méritos da produción.

Desde o seu nacemento até hoxe, ao longo de cento sesenta anos, o galeguismo político actuou sempre, en calquer das súas fases evolutivas, a prol da democratización e do progreso, tanto de Galiza como do conxunto das nacións que forman o Estado español.

Así o fixo o provincialismo, apoiando sempre a quen loitaba contra o deturpado sistema liberal da monarquía de Sabela II, que reservaba o poder político en exclusiva aos poderosos, e sumando-se ás forzas democráticas e federalizantes do breve reinado de Amadeo I ou da experiencia fallida da I República. Do mesmo modo, o rexionalismo, mália a presenza no seu seo dun sector tradicionalista, foi coherente en todo momento na súa firme oposición ao caciquismo centralista do sistema da Restauración.

O mesmo papel xogou sempre o nacionalismo galego dentro e fóra de Galiza. Cando naceu en 1916-1918, recolleu a postura rexionalista e acentuou a dose democratizadora do seu programa, contrario a unha monarquía e un sistema nocivo para a liberdade e o progreso do pobo. Padeceu en 1924-1929 a represión da Ditadura de Primo de Rivera. En 1931 contribuíu, dentro das súas posibilidades, a traer a II República e defendeu-na até o final fronte aos seus inimigos, e por facé-lo tivo que pagar un dramático prezo en vidas, persecucións e sufrimentos desde xullo de 1936. Renaceu nos anos sesenta baixo a Ditadura de Franco, basicamente para axudar a acabar con ela, e nisto puxo todas as súas forzas, mália os riscos e dificultades da acción política clandestina. Formou parte do bloque sócio-político que fixo posíbel o renacemento da democracia en 1975-1978 e, se discrepou do resultado acordado pola maioría dese bloque, non foi por querer menos, senón por aspirar a máis democracia e a que esta prestase unha maior atención aos problemas e ás necesidades dos que menos teñen.

Xa que logo, os feitos da súa longa traxectoria histórica demostran que o nacionalismo galego ocupou sempre un posto de relevo entre as opcións políticas ininterrompidamente democratizadoras e modernizadoras na historia galega e española dos séculos XIX e XX.



Resumo dos principais aspectos abordados

PRIMEIRA PARTE

SÉCULO XIX

O PROVINCIALISMO

FUSILAMENTOS DE CARRAL (1846)

O REXURDIMENTO

O REXIONALISMO

NACEMENTO E CONSOLIDACIÓN DO NACIONALISMO

IRMANDADES DA FALA (1916)

XERACIÓN NÓS

A OPOSICIÓN Á DITADURA DE PRIMO (1923-29)

A II REPÚBLICA (1931-1936)

O PARTIDO GALEGUISTA

A LOITA POLO ESTATUTO

O NACIONALISMO PERSEGUIDO

REPRESIÓN FRANQUISTA

O NACIONALISMO NO EXILIO. (1936-50)

A RESISTENCIA CULTURAL

SEGUNDA PARTE

O NOVO NACIONALISMO GALEGO CONTRA A DITADURA (1963-73)

NACEMENTO DA A UPG

FUNDACIÓN DO PSG

AS ASOCIACIÓNS CULTURALS

O NACIONALISMO NA "TRANSICIÓN"

RUPTURA VERSUS REFORMA

A ANPG

O CONSELLO DE FORZAS POLÍTICAS GALEGAS

ELECCIÓN XERAIS DO 77

1978 DEBATES E INESTABILIDADE NO NACIONALISMO

O PROCESO CONSTITUÍENTE

O NACIONALISMO NO ESTADO AUTONÓMICO

A CONSOLIDACION DA ALTERNATIVA. NACEMENTO DO BNG (1982)

CAMBIO DE TENDENCIA: CRECEMENTO SOCIAL E ELEITORAL

ÚLTIMOS ANOS: CHEGADA AO GOBERNO

CONCLUSIÓNS: ALGÚNS DOS LÍDERES ENTREVISTADOS VALORAN GLOBALMENTE A TRAXECTORIA E RETOS DO NACIONALISMO GALEGO.

Agradecementos

Museo do Pobo Galego

Fundación Penzol

Fundación Castelao

Real Academia Galega

A Nosa Terra

Museo Galego de Arte Contemporánea "Carlos Maside"

Museo de Pontevedra

Fundación Luis Seoane

Fundación Vicente Risco

Fundación Bautista Álvarez

FESGA

Fundación 10 de Marzo

Comisión pola Memoria Senhor Afranio

Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento

CGAI

Arquivo da Emigración. Consello da Cultura Galega

Arquivo Universitario de Santiago

Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela USC

Axencia Galega de Noticias

El Progreso

Museo do Viño de Cambados

Museo Massó

AS-PG

Radio Allariz

Facultade de Ciencias da Comunicación USC

Arraianos

BNG

CIG

UPG

INZAR

Luís Gonçáles Blasco "Foz"

Eduardo Gutiérrez

Xurxo Lobato

X.M. Albán

Xan Muras

Xan Carballa

Gustavo Pernas

Sandra González Álvarez

Uqui Permuy

Pepe Carreiro

Marta Piñeiro

Estefanía Alonso Tamayo

Carmelo Puertas Oliver e Toya Mosquera Freire "Colección Puertas-Mosquera"

Verónica Álvarez

Mercedes Virgós

Manoel Anxo Fernández Baz

Nanina Santos Castroviejo

Mila da Aira

Carlos Fernández Durán



XABIER MACÍAS VIRGÓS

Psicólogo, Experto Universitario en Políticas de Inserción Social pola UNED, a súa actividade profesional céntrase principalmente no ámbito da intervención comunitaria e os servizos sociais.

Foi Decano do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia entre 1996 e 2002.

Implicado a partir de 1975 en organizacións políticas e sociais de Galiza e País Valencià (onde reside entre 1982 e 1992), dirixe desde 1999 a Fundación Galiza Sempre.

Entre 2002 e 2006 formou parte do Consello Nacional do BNG, responsabilizándose da Secretaría de Comunicación na Executiva desta organización entre a X e a XI Asamblea.

Como representante da fundación mantén un Programa de Intercambio e Cooperación Internacional con organizacións homólogas da Unión Europea e América Latina. Preside dende outubro de 2008 o Centro Maurits Coppieters, fundación política europea, e ten participado activamente en diversos procesos do Foro Social Mundial.

COMBA CAMPOY GARCÍA

Licenciada en Xornalismo (2001) pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), colaborou en distintas publicacións como Cerna, A Nosa Terra, Novas da Galiza, Vieiros ou Tempos novos.

Audiovisual:

- Produtora e co-guionista das curtas "Os Pocillos" (1998) e "Tanto tén"(1999)
- Produtora e co-guionista da curta documental "Reconversión Rural", que formou parte do filme colectivo "Hai que Botalos" (2005).
- Guionista e axudante de dirección do documental para televisión "O barco da Memoria", producido por Saga TV (2006), nominado nos premios Mestre Mateo'06.
- Guionista e axudante de dirección do documental "O Novo Emden", producido por Saga TV (2006).
- Guión e dirección da curta publicitaria "O comercio da túa vida", marzo de 2007.

Interpretación:

- Actriz de reparto na serie de televisión Valderrei, emitida pola TVG desde marzo do 2007.
- Actriz na serie de televisión Rias Baixas, emitida pola TVG desde o ano 2000, e da cal foron gravados 197 capítulos.
- Actriz na Compañía Profesional de Teatro Volta e Dálle, nas seguintes montaxes:
- Actriz protagonista do filme "Dias de Voda", con guión e dirección de Juan Pinzás, estreada en 2002.
- Actriz principal do Spot "Compostela, capital de compras", producido por Saga tv, nominado nos Premios Mestre Mateo'05.
- Actriz de dobre para a empresa Sodinor, S.A en 2004.
- Actriz secundaria no filme "Por min e por todos os meus compañeiros", con guión e dirección de Judas Cid, rodado en outubro do 2005.

XOSÉ ZAPATA

Xosé Zapata acumula unha importante experiencia na dirección e produción independente. Nos últimos cinco anos produciu unha ducia de curtametraxes, documentais e longametraxes.

PRODUTOR EXECUTIVO DE LONGAMETRAXES E TV-MOVIES

La casa de mi abuela (2006) de Adán Aliaga

Delta (2004) de Oriol Ferrer

O agasallo de Silvia (2003) de Dionisio Pérez

Sara (2003) de Silvia Quer

Sincopado (2003) de Miguel Milena

PRODUTOR DE CURTAMETRAXES 35 MM.

Minotauromaquia (2004) de Juan Pablo Etcheverry

Carcamáns (2004) de Marcos Nine

A Teoría do Espello (2004) de Pedro Corredoira

Ver cos Propios Ollos (2003) de Pedro Corredoira

Di Algo (2003) de Luis Deltell

O Trasto (2002) de Rafael Calvo

O Váter Susurra (2002) de Rafael Calvo

Toda-Clase-de-Peles (2001) de Manu Mayo

Gran Ganga (1999) de Alex Castro

Sen Motivo Aparente (1996) de Eduardo Gabín

COMO DIRECTOR E GUIONISTA

Mártires (2005) – curtametraxe

O alquimista (2005) - documental

Amando de Ossorio, o Último Templario (2001) - documental

O Coxo (1999) – curtametraxe

IB CINEMA

Creada en 1998 para a exhibición e distribución cinematográfica, no ano 2002 comezou a súa andaina no mundo da produción, impulsada polo entusiasmo do seu creador Ignacio Benedeti, dono dunha das maiores coleccións cinematográficas de Europa.

LONGAMETRAXES

"O agasallo de Silvia", rodada con varios socios, estreouse en xullo de 2003 con excelentes críticas. Foi nominada aos Goya por mellor actor revelación e gañadora de tres premios no Festival de Lorca, entre eles o de mellor película.

A nosa segunda longametraxe **"A casa da miña avó"** o documental de Adán Aliaga que chegou ás salas españolas co aval de gañar premios en todos os festivais nos que participou, entre eles o prestixiosísimo Joris Ivens do Festival de Amsterdam (o Oscar dos documentais), e o Silver Images Generation Award do Festival de cine de Chicago, ex aequo nada menos que con Stephen Frears.

En fase de produción atópase **"Linko killer machine"**, película de animación que suporá unha grande innovación dentro da industria europea, tanto pola súa temática, dirixida a un público adulto, como pola técnica empregada.

CURTAMETRAXES

"O trasto", "Mártires" e "Máxima pena" son algúns dos títulos producidos ata agora, pero de entre todos eles destaca a nosa multipremiada curtametraxe de animación "Minotauromaquia, Pablo no labirinto"

"Minotauromaquia, Pablo no labirinto" do director Juan Pablo Etcheverry foi rodada coa técnica de *stop-motion* con bonecos de plastilina, a mesma técnica empregada en películas como "Chicken run" ou "Pesadelo antes de Nadal". "Minotauromaquia" gañou máis de corenta premios en festivais nacionais e internacionais; foi nominada ao Goya como mellor curtametraxe de animación, vendido a diferentes televisións nacionais e estranxeiras e ata distribuído en salas comerciais en Francia e Bélxica.

Outra curtametraxe de animación *stop-motion* é **"The werepig"**, dirixida por Samuel Orti.

DOCUMENTAIS

"Carcamáns", do director Marcos Nine e rodado no ano 2000 é un documental, emitido pola Televisión de Galicia, que intenta transmitir, coas imaxes e os testemuños dos afectados pola marea negra do Prestige, a épica e o valor que os mariñeiros da illa de Arousa demostraron nos tres días cruciais da crise.

"JEDN Pensando en soledad" do director e xornalista Marcos Nine. José Ernesto Díaz Noriega (JEDN) filmou os acontecementos máis importantes da súa vida, desde a Guerra Civil Española ata dedicarse ao cine amateur do que foi unha importante figura, chegando a gañar o Festival de Cine de Cannes coa curtametraxe "Cine amateur" en 1965. O documental para o que IB Cinema restaurou todo o valioso material fílmico que Noriega rodou durante máis de cincuenta anos, trata de analizar a vida deste excepcional cineasta utilizando a mesma técnica "amateur" que el usou nas súas películas.

TELEFILMES

Entre os anos 2003 e 2004 IB Cinema coproduciu con Televisión de Galicia, Televisió de Catalunya e Bausan Films tres telefilmes: "**Sara**", dirixido por Silvia Quer, que aborda o tema da violencia de xénero nun ambiente de alto nivel socio-económico; "**Sincopado**", unha comedia de Miguel Milena e "**Delta**", dirixido por Oriol Ferrer.

Para máis información: www.ibcinema.com

FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE

A Fundación Galiza Sempre desenvolve dende 1999 dúas liñas de actuación prioritarias: unha, dirixida á promoción do pensamento socioeconómico, político e cultural de Galiza, e outra adicada á preservación e difusión da memoria histórica de Galiza e especificamente do nacionalismo galego.

O dossier disponible en: <http://www.galizasempre.org/pdf/memoria10.pdf> recolle as principais actividades desenvolvidas en dez anos de traxectoria.

Fundada polo Consello Nacional do Bloque Nacionalista Galego (BNG), está dirixida por un Padroado presidido por Xosé Manuel Beiras.

Xabier Macías Virgós é o seu Director-Xerente.

Obxecto da Fundación (artigo 5 dos Estatutos)

- a) O fomento e realización de actividades culturais que teñan por fin o estudo e desenvolvemento do pensamento político, social, económico e cultural de Galiza.
- b) Difundir o pensamento político de aquelas persoas e entidades que traballan, dentro da legalidade vixente, pola consecución da soberanía da nación galega, o progreso social e o afondamento da democracia na perspectiva de acadar unha sociedade galega e mundial máis libre, xusta e solidaria.
- c) Promover o coñecemento na sociedade da personalidade nacional de Galiza e da súa historia impulsando o seu estudo e a súa proxección pública.
- d) Afondar no coñecemento da realidade galega na súa dimensión política, social, cultural e económica.
- e) Aumentar a formación política e a participación dos cidadáns e cidadás, afondar no debate político e impulsar a sensibilización e concienciación da sociedade sobre a realidade e problemáticas propias da nación galega, e a visión do mundo desde unha perspectiva nacional galega.
- f) Impulsar e divulgar iniciativas de intercambio e cooperación exterior para contribuír á xustiza e á equidade nas relacións comerciais, políticas e estratéxicas entre os pobos da comunidade internacional.

-Membro do **Consello Internacional de Arquivos** (ICA)

-Inscrita no rexistro único de fundacións de interese galego co número 1999/15.



CMC

Membro do **CENTRO MAURITS COPPIETERS** (CMC), fundación política europea ligada a ALE (Alianza Libre Europea).



Fundación
GALIZA
SEMPRE

Principais actividades de divulgación histórica

Adquisición do manuscrito do Manifesto da Asemblea nacionalista de Lugo de 1918, entregado en depósito ao Museo do Pobo Galego.

EXPOSICIÓN DEMOCRACIA E PAÍS. A aportación do nacionalismo galego

GUIÓN: Xusto Beramendi

DESEÑO E CONCEPCIÓN PLÁSTICA. Uqui Permy



Principais mostras realizadas:

Lugo . 2002. Sala Uxío Novoneyra / Santiago de Compostela. 2003. Aula de Cultura CaixaGalicia e Festigal 03 / Ferrol. 2003. Colexio de Arquitectos / Carballo. 2004, Museo de Bergantiños / Allariz. 2004, Fundación Vicente Risco / Monforte. 2004, Casa da Cultura / Barcelona. 2006. Galería Sargadelos

Disponíbel en www.galizasempre.org/democracia.htm

Castelao en voz alta. 12 horas de lectura pública do Sempre en Galiza

2.004. Casa Galega da Cultura. Vigo

Acto conmemorativo dos 60 anos da primeira edición saída do prelo en 1.944.

Participan, entre outros: Xaime Illa. Fundación Illa Couto, Avelino Pousa Antelo. Presidente Fundación Castelao, Margarita Ledo. Catedrática USC, Luis Espada Recarei. Valedor do Cidadán. Vigo, Alfonso Álvarez Gándara. Avogado, Paco Feixoo. Cociñeiro, Tamara Valderrama. Campiona galega de patinaxe, Afonso Eyré. Director A Nosa Terra, Anxo Pintos. Berrogüeto, Xesús Alonso Montero. Escritor, Nemesio Barxa. Avogado, Xose Luis Franco Grande. Escritor, Carlos Callón. Presidente A Mesa pola normalización, Carmen Avendaño. Asociación Erguete, Xurxo Lobato. Fotógrafo, Uxía Blanco. Actriz, Xosé Luis Bóveda. Fundación Bóveda, Alfonso Zulueta de Haz. Presidente Consello da Cultura Galega, Domingos Docampo. Rector Universidade de Vigo, Manuel Bragado. Editor, María Xosé Queizán. Escritora, Belén Zapata. Fundación

Celta de Vigo, Miguel Lores. Alcalde de Pontevedra, Renato Soeiro. Bloco de Esquerda. Portugal, Xosé M^a Álvarez Cáccamo. Escritor, Manuel Mera. Sindicalista, Lois Rodríguez. Vieiros, Marica Campo. Poeta, Miguel Tüñez. Decano Xornalismo. USC, Xulio Ríos. Director do IGADI, Carme Adán. Aula Castelao de Filosofía, Xosé Manuel Beiras. Presidente C. Nacional BNG, Pilar García Negro. Profesora Univ. A Coruña, Fran Alonso. Escritor, Antonio Durán "Morris". Actor, Xosé Sánchez. Nunca Mais, Xosé Manuel Pereiro. Xornalista, Anxo Quintela. Director Vieiros.

Mesa-Redonda: A Historia e a Memoria. 70 Anos do 36

25 de xullo de 2006. FestiGal

Lourenzo Fernández Prieto. Coordinador do proxecto de investigación "As vítimas: os nomes, as voces e os lugares". Emilio Grandío. Profesor de Historia Contemporánea da USC. Eliseo Fernández. Historiador. Anxo Rodríguez Gallardo. Historiador e profesor de secundaria. Carlos Velasco. Profesor de Historia Contemporánea da Universidade da Coruña. Bieito Alonso. Historiador e profesor de secundaria.

Partido Galeguista: a esperanza frustrada

75 aniversario da fundación do Partido Galeguista.

5 de decembro de 2006, Casa das Campás. Pontevedra

Intervencións:

Marta Souto, Delegada da Consellería de Cultura e Deporte. Amalia Bóveda. Xosé Manuel Beiras, Presidente da Fundación Galiza Sempre. Miguel Anxo Fernández Lores, Alcalde de Pontevedra. Avelino Pousa Antelo, ex integrante das Mocidades Galeguistas. Xusto Beramendi, Catedrático de Historia Contemporánea da USC.

O franquismo contemporáneo: memoria e secuelas

2007, Fundación Caixa Galicia. Santiago de Compostela

Ponentes: Bautista Álvarez. Integrante do grupo Brais Pinto e un dos fundadores da UPG. Xusto Beramendi. Catedrático de Historia Contemporánea. Universidade de Santiago de Compostela. Asunción Santos Castroviejo. Activista Feminista. Xavier Castro. Catedrático de Escola Universitaria de Historia Contemporánea. Universidade de Santiago de Compostela. Bernardo Máiz Vázquez. Catedrático no IES Concepción Arenal do Ferrol. Xesús Veiga Buxán. Dirixente do MCG (actual Inzar) na transición. Xosé Manuel Beiras. Membro fundador do PSG e Presidente da Fundación Galiza Sempre.

Homenaxe a Elixio Rodríguez

2008. Lobios e Celanova, en colaboración coa Asociación Arraianos

Intervencións: Xosé Manuel Pereiro. Xornalista. Ana Miranda, voceira do BNG-Galeuscat no parlamento europeo. Iria Aboi, Galiza Nova. Paco Castro. Aser Álvarez, Arraianos. Xosé Manuel Beiras. Presidente da Fundación Galiza Sempre. Anxo Quintana. Vicepresidente da Xunta de Galicia

"**O Nacionalismo galego nos seus programas políticos. O século XX**", libro que recolle os seus principais documentos programáticos no último século.

Máis información en www.galizasempre.org